SANTA MARÍA DE PASTORIZA (ARTEIXO, A CORUÑA)

Xosé Troiano Carril

Santa María de Pastoriza é unha das 13 parroquias que constitúen o concello de Arteixo, que forma parte da Costa Ártabra.

Santuario de grande devoción, celebra no outono unha popular romaría en honra á Virxe. Dende o punto de vista arquitectónico o templo conta cunha soa nave con dúas capelas pegadas nos seus laterais. A fachada estrutúrase en tres corpos independentes que rematan nunha espadana, estando toda ela ornamentada con motivos clásicos. Esta espadana consta de tres corpos, o primeiro formado por dous grandes arcos de medio punto que descansan sobre piares e onde van dúas campás. No segundo corpo, un arco de medio punto onde se sitúa unha terceira campá. No derradeiro corpo, un pequeno frontón triangular curvo cun oco circular rematado por un pináculo con bóla.

Con respecto as campás ten catro, tres na espadana e a outra nun campanil situada ó sur, no muro da sancristía. Teñen xugos de madeira nun bo estado de conservación e tócanse mediante electro-mazo interior agás o campanil.

a) Campá grande, lado dereito da espadana

Na dereita sitúase a campá grande cunhas medidas de 94 cm de diámetro e 75 cm de alto interior cun peso de 481 Kg.

No “Terzo” (T), ten unha greca e dous cordóns continuando coa inscrición: “JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1926”. Pecha esta inscrición con dous cordóns máis.

No “Medio” (M) da campá sitúase unha cruz cun pedestal de cinco chanzos, decorada a base de selos con 4 estreliñas. O pao e os brazos decorado igual co pedestal, a base de estrelas. Todo o conxunto, cruz

e pedestal vai flanqueado por unha greca igual ca do terzo e a súa vez flanqueado por dous cirios. Un cordón pasa pola parte inferior do pao da cruz.

No “Medio Pé” (MP), van dous cordóns continuando coa inscrición: “ESTA SE HIZO SIENDO CURA PARROCO EL LICENCIADO DON CLAUDIO SUAREZ BARROS” e dous cordóns máis.

No “Pé (P) sitúase a marca de fábrica coa seguinte lenda: “FABRICADO POR OCAMPO / EN ARCOS DA CONDESA”.

“Campá grande situada á dereita da espadana da igrexa de Santa María de Pastoriza.”

b) Campá mediana, lado esquerdo da espadana

Na esquerda, sitúase a campá mediana cunhas medidas 67 cm de diámetro e 60 cm de alto cun peso de 174 kg de peso.

No “Terzo” (T), ten unha greca e dous cordóns continuando coa inscrición: “JHS MARIA DEPASTORIZA (Sic) Y JOSEF”. Pecha esta inscrición con dous cordóns máis.

No “Medio” (M) da campá sitúase unha cruz cun pedestal de catro chanzos, decorada a base de selos con 4 estreliñas. O pao e os brazos decorado igual co pedestal, a base de estrelas. Pasan dous cordóns finos pola metade da cruz.

No “Medio Pé” (MP), van dous cordóns continuando coa inscrición: “HIZOSE SIENDO RETOR D^{N} MANUEL ROJO DE LOS RIOS ANO DE 1782” e dous cordóns máis.

“Campá mediana situada á esquerda da espadana da igrexa de Santa María de Pastoriza.”

c) Campá pequena, lado superior da espadana

Na oco superior da espadana sitúase a campá pequena. As súas medidas son un pouco menores ca anterior mais carecemos delas. Esta campá é similar á mediana.

No “Terzo” (T), ten unha greca e dous cordóns continuando coa inscrición: “JHS MARIA DE PASTORIZA Y JOSEP”. Pecha esta inscrición con dous cordóns máis.

No “Medio” (M) da campá sitúase unha cruz cun pedestal de catro chanzos, decorada a base de selos con 4 estreliñas. O pao e os brazos

decorado igual co pedestal, a base de estrelas. Pasan dous cordóns finos pola metade da cruz.

No “Medio Pé” (MP), van dous cordóns continuando coa inscrición: “HIZOSE SIENDO RETOR D^{N} MANUEL ROJO DE LOS RIOS ANO DE 1782” e dous cordóns máis.

“Campá pequena situada na parte superior da espadana da igrexa de Santa María de Pastoriza.”

Estas tres campás están elaboradas polos Irmáns Ocampo, en Arcos da Condesa, en Caldas de Reis. Aínda que a campá mediana e a pequena non teñen marca de fábrica, a decoración destas fai que se delaten como deles. Os Ocampo comezaron a porlle a marca de fábrica no primeiro terzo do século XIX, polo tanto, as campás anteriores a estas datas non levan a identificación de fábrica pero a súa feitura é moi recoñecible.

OCAMPO, HERMANOS: Dende 1630 elaboran campás en Arcos da Condesa, Caldas de Reis, nun taller de fundición de campás de metais finos a cargo dos “Hermanos Ocampo”. Hoxe é o único obradoiro de Galicia que se mantén fiel a unha tradición centenaria.
Este taller foi fundado por D. Felipe Blanco Paz en Souto da Saniña, no lugar de Ameal (Arcos da Condesa). Despois de 100 anos de actividade, Juan Jerónimo Blanco traslada o obradoiro en 1734 a un novo emprazamento na mesma zona do Ameal. Outro Juan Gerónimo Blanco volve a trasladar o obradoiro o lugar de Badoucos. A mediados do século XIX, Juan Ramón Ocampo Blanco traslada outra vez o obradoiro a outra zona do Ameal pero en 1886, D. Melchor Ocampo traslada o taller ó lugar de Badoucos, a súa ubicación actual, sucedendo a este D. Juan Ocampo que faleceu en 1954, pai dos actuais propietarios. O taller está hoxe a cargo de Enrique López García e do seu fillo José Enrique López Ocampo, que segue a levar o apelido e que perpetúa a tradición de fundir campás de forma artesanal. Ben é certo que son 6 irmáns coñecidos como “os campaneiros”, todos colaboran pero a dirección e xestión lévaa Laureano e Manuel, aínda que a parte artesá corre a cargo de Enrique López.

O proceso de elaboración das campás, segue a ser o mesmo empregando como materias primas: o barro, a leña e o bronce.
O máis complicado do proceso é a elaboración dos moldes. Trátase de tres moldes de barro superpostos, dos que se elimina a parte intermedia, facendo encaixar os outros, onde se introducirá o metal fundido. Os moldes entérranse baixo terra, e fanse uns regueiros, polos que circula o metal fundido, que se introduce no molde por un oco que queda aberto.
A marca de fábrica, en xeral ben asinada como: *"FABRICADA POR OCAMPO EN ARCOS DE LA CONDESA",* ou *"HERMANOS OCAMPO / METALES FINOS / FUNDIDOR DE CAMPANAS / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES / ARCOS DE LA CONDESA".* Así e todo, nalgunhas campás ben asinada polo fundidor como *"JUAN OCAMPO ..."* entre os anos 1927 e 1954 ou por *"MELCHOR OCAMPO..."* nas campás da Igrexa da Ponte do Porto, Camariñas, no ano 1912 ou na campá do mosteiro de San Xiao de Moraime, Muxía, en 1826, de 102 cm de diámetro e 614 kg de peso.
En Galicia hai moitísimas campás desta fábrica pero fora de Galicia tamén as hai, destacando 4 campás para a Catedral de Santa María La Real de la Almudena, Madrid. A máis grande, de case 2000 kg. fundiuse en 1998 coa denominación de "Santa María de la Almudena".

d) Campá do campanil, muro da sancristía

Este campanil formado por un arco de medio punto e rematado por unha cruz de pedra, ten unha campá que moi posiblemente fora dun barco alemán que naufragou ó norte de Sagres (Portugal), o 5 de maio de 1904 nunha viaxe de Delagoa Bay (Maputo, Mozambique) a Hamburgo con carga xeral. Este chamado Kurfüst, era de tipo mixto, de carga e pasaxe. A súa propulsión: Vapor de dobre expasión, acadando 13,5 nós; era de 5.645 tn. E as súas medidas eran de 125,2 x 14,7 metros. Foi construído no ano 1901 en Reiherstiegwerft, Hamburgo, Nº 407.

Non temos medidas desta campá aínda que debe de ter entre 45 e 50 cm de diámetro e un peso de entre 53 e 72 kg de peso. Con respecto a súa decoración e epigrafía é moi sinxela como a maioría das campás de barcos. No seu corpo ou terzo, ten a inscrición: "KURFÜRST / HAMBURG". Na saia ou pé da campá ten dous cordóns como única decoración.

BIBLIOGRAFÍA.

- https://campanasocampo.es

- LEMA MOUZO, R.: **https://www.cronicamaritima.es/historia-naval/2018/10/22/un-barco-hundido-en-portugal-podria-resolver-el-caso-kurfust.html**

-MACEIRAS, X.: https://cronicasdearteixo.blogspot.com/2018/11/as-campas-do-santuario-de-pastoriza.html?spref=fb&fbclid=IwAR37f6COGsMF-T3cPxTByyVW38bheSYwSvxDe0pjHSqU22E-jNc96KR0_fM

– SORALUCE BLOND, J.R.; FERNANDEZ FERNANDEZ, X.: “Arquitecturas da provincia da Coruña, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Oleiros e Sada”, Vol. I, Deputación Provincial da Coruña,1995.

- TROIANO CARRIL, X.: “Campaneiros en Galicia”.